

**Real Academia Galega (RAG) (1998/1999).** —Entre xullo de 1998 e setembro de 1999 cubríronse as vacantes da RAG, ó tomaren posesión das súas cadeiras o avogado, poeta e lexicógrafo Xosé Luís Franco Grande, o lingüista Antón Santamarina, o economista Xaime Illa Couto, o arquitecto Andrés Fernández-Albalat Lois e os lingüistas Ramón Lorenzo e Francisco Fernández Rei. Pouco despois de completarse o número de académicos da RAG (na actua-

lidade 25), en novembro de 1999 falecía o etnógrafo Antón Fraguas Fraguas, que ocupara a vacante de Daniel A. Rodríguez Castelao. [F. F. R.]